

## Os números da crise

# Máis desemprego e menos salario

En España, o incremento do paro no mes de Xaneiro foi de 198.838 persoas, un 6,35% máis que no mes de Decembro, chegando o número de desempregados aos 3.327.801. En tan só 1 ano 1.065.876 pasaron engrosar as listas do INEM, situando-se a taxa de desemprego no 13,91%, e o que é peor que non se pensa que mellore.

O número de desempregados en Galiza aumentou, só no mes de Xaneiro en 11.413 persoas, o que significa o 6,01 máis que en Decembro do 2008. Chegou o número de desempregados a 201.316 persoas. Destas persoas sen traballo 89.558 son homes e 111.758 mulleres. Por idades 21.106 son persoas menores de 25 anos (11.997 homes e 9.106 mulleres). Como podemos ver as mulleres en época de crise eco-

nómica ou laboral volven á casa coma sempre.

Os sectores máis afectados foron o de servizos, construción e despois a industria en xeral, o colectivo que non tiña traballo anteriormente e a agricultura que chegaron a 5.942. No caso da automoción estima-se en 4.000 empregos os que se perderon desde Outubro do ano pasado, a maioría eventuais, e a crise do sector preve-se longa e con poucas posibilidades de axuda xa que UE dá axudas só pola perda de empregos con contrato indefinido, e despidos maiores de 1.000 na empresa e no caso de Galiza a maioría son temporeiros. No caso de Valladolid ou Barcelona recibirán axudas, aquí como os traballos son precarios pois nada de nada.

Por outra parte, en Xaneiro for-

malizaron-se en Galiza un total de 54.595 contratos, e como non, só uns 6.928 tiveron carácter indefinido, ou sexa que os temporarios sumaron 47.667 persoas.

Un dos problemas maiores é a total indefensión na que nos atopamos e xa se están a ver casos de empresas que baixan os salários a cambio de non despidos. O capital quere cada ano máis ganancias que o anterior e se non é así pois fecha ou despide, só temos que botar ollo ao que está a pasar coas ERES e o abuso patronal ao que o goberno de turno non lle pon freo. O último do último foi as declaracións desde membros do goberno para que o despido sexa aínda máis barato, ou sexa gratis. Nesta tesitura só a nosa unión, solidariedade e loita pode conseguir frear o aumento da miséria dos traballadores e traballadoras.

## Radiografía dunha protesta que se estende polo mundo

# Barricadas en Grécia

Nesta altura é ben coñecido o facto do asasinato do mozo Alexis Grigoropoulos a mans da policía grega. Son ben coñecidos os factos violentos que se desenvolveron a seguir. O tv, a prensa e demais cumpriron ben o seu papel e conseguiron que nos enteirásenos do que nos querían contar e pouco máis. Ve-se agora necesario levar a cabo unha lectura libertaria da revolta, toda vez que, xa desde a prensa burguesa, xa desde os medios da esquerda autoritaria se ten dado unha visión conscientemente sesgada e falsificada destes factos. Uns, fan-o para vaciar o conflito e o potencial alcance dun enfrentamento aberto e radical contra o sistema. Outros, para intentar recuperar-lo cara á esquerda parlamentar e frear así as súas arelas revolucionarias.

### Un movemento anarquista?

Desde o primeiro momento, o movemento definiu-se con claridade como un movemento anarquista, non pola composición d@s participantes, que tamén, senon polo modelo organizativo e as tácticas que adoptou, e a

radicalidade do seu alcance. A base organizativa asenta-se nas redes, formais e informais, que @s anarquistas tiñan criado e asentado desde as revoltas de primeiros dos 90. Apesar da visión criada pola prensa do poder, é máis que inxenuo crer que o movemento estourou de xeito espontáneo após o asasinato de Alexis.

É falsa a visión dun movemento conformado por estudantes acomodad@s que se revoltan como manifestación dunha raiba pos-adolescente. Tráta-se na realidade de moz@s moi precarizad@s, con condicións de traballo case-escravistas, e de xente que, organizada entorno a centros sociais, asociacións de veciños e todo de tipo de organizacións comunais e populares, teceu unha rede de sólidos nós desde a marginalidade á que se ven confinados e desde a que agora simplemente levaron á rua unha confrontación de clase que estaba latente na moi asimétrica sociedade grega.

E fronte a visión dun espontaneismo violento que criou o tv, as revoltas foron, moi ao contrario, cuidadosamente planificadas de xeito horizontal, desde asem-

bles de distrito ou cidade, segundo os casos, sen esquecer a presenza de grupos de afinidade-acción, mais informais, que actuaron como vanguardia nos enfrentamentos directos, porén actúan con unha consolidada estrutura de apoio.

É certo que se trata dun movemento lanzado á rua desde unha desesperación sistémica que os consume, lanzado como unha reacción en principio non organizada entorno a un programa definido, mais debe-se a que só contemplan un programa: a destrución do sistema que os exclúe e os explota. É o propio camiño a andar no día a día o que fixará a forma do sistema que demandan e que podan construír, mas é un camiño que botou andar con bons pes. Só fica que se concretice en factos o que de momento era só unha emoción paixonal, unha intuición da revolución.

### Da negatividade ao desexo construtivo

Lanzada a revolta á rua, comezan os primeiros intentos de recuperación, en principio desde o

(Continua na páxina 3)



El Roto, 16/02/2009

## En Burger- King non te podes poñer enferma !!

A empresa Burger King, non conforme con facer contratos a tempo parcial de 10 horas semanais cando a xornada real é de 20-30 horas, pagar por debaixo do Convénio, non recoñecer as horas extra, que na maioría dos casos son o dobre da xornada, etc, impede as súas traballadoras caer enfermas. Tal é o caso dunha compañeira do SOV de Compostela, que tras unha baixa médica por accidente de tráfico foi dada

de «baixa voluntaria» vía internet pola empresa, sen que a compañeira tivese noticia algunha da extinción da súa relación laboral até que foi facer unha consulta por outro motivo ao INEM.

Está posta a demanda por despido improcedente e a CNT de Compostela iniciará as accións sindicais pertinentes orientadas ao recoñecemento dos dereitos laborais da nosa compañeira.

## Novo convenio TIC

Desde o pasado Decembro está aprobado o XVI Convénio Colectivo Estatal de Empresas de Consultoría e Estudos de mercado e da opinión pública, que ven a substituír o anterior Convénio Colectivo do ramo informático. O convenio, aprobado unilateralmente por CCOO, non inclúe

finalmente os preacordos coa patronal e limita-se a actualizar as táboas salariais dos anos 2007, 2008 e 2009.

Así que só nos queda reclamar o que se nos adebeda e seguir loitando por un convenio digno colgas!!.

## Entrevista cos vampiros

Vimos de ler en prensa como El País ou A Nosa Terra que para a convocatoria de 137 prazas de peón e 15 de auxiliar administrativo de 38 concellos de Pontevedra, a única proba do concurso será unha entrevista persoal co tribunal cualificador. A convocatoria saíu no BOP (19/02/2009).

Non é ningunha novidade a política de contratación efectuada na Deputación de Pontevedra por Louzán e a súa troupe de mangantes. Pero non por iso imos deixar de facelo público, porque é un auténtico escándalo. Ide preparando os xamóns e as nécoras.

## 2 de marzo, 8:00 am

Ese é o día e hora na que a CNT de Compostela fixo-lles un corredor de benvinda, entre gritos e aplausos, aos compañeir@s da Sección sindical do SIEGA para celebrar a reincorporación aos seus postos de traballo no edificio administrativo central da "Xunta de Galicia", despois de pelexar bravamente durante meses. Felicidades !



# Solidaridade Obreira

Solidaridade Obreira é unha publicación periódica editada pola Confederación Nacional do Traballo da Galiza.  
Dep. Legal: C-984-2006  
Compostela, Marzo 2009

## Enderezos da CNT na Galiza

### A Coruña

Rua Washington, 36, baixo  
15002 A CORUÑA  
Tel/Fax: 981 90 40 44  
Correio Electrónico: corunha@cntgaliza.org  
Correspondencia: Apdo 928 15080 A CORUÑA

### Compostela

R/ Garcia Prieto, 24-28  
15706 COMPOSTELA (A CORUÑA)  
Tel: 981 590 910 Fax: 981 534 256  
Correio Electrónico: compostela@cntgaliza.org  
Correspondencia: Apdo 590 15780 COMPOSTELA (A COR.)

### Vigo

R/ Príncipe, 22, 1º Local 34  
36202 VIGO (PONTEVEDRA)  
Tel. e Fax: 886 116 558  
Correio Electrónico: vigo@cntgaliza.org

### Lugo

R/ Nova, 103, 1º Dta.  
27001 LUGO  
Tel: 650 269 807  
lugo@cntgaliza.org

### Ourense

Apdo 92 32080 OURENSE  
ourense@cntgaliza.org

### Pontevedra

R/ Pasantería, 1 (Edif. dos Sindicatos), 3º andar  
36002 OURENSE  
Tel: 607 511 678  
pontevedra@cntgaliza.org

### Betanzos

Apdo 95 15300 BETANZOS (A CORUÑA)  
betanzos@cntgaliza.org

### Ferrol

Avenida de Esteiro, 10, baixo 15401 FERROL (A CORUÑA)  
Apdo 147 15401 FERROL (A CORUÑA)  
ferrol@cntgaliza.org

### Comité da Rexional Galáica

cr@cntgaliza.org  
www.cntgaliza.org

## A Galaica na rede

Blog do Sindicato de Lugo:

<http://cntlugo.blogspot.com/>

Blog do nucleo de Betanzos:

<http://cntbetanzos.blogspot.com/>

Sección de hostelería e comercio, Sindicato de Pontevedra:

<http://cnthosteleria.blogspot.com/>

Sección Sindical en TVE Galicia:

<http://cntrtvegalicia.blogspot.com/>

Sección Universidade de Vigo Campus de Pontevedra:

<http://cntunivigo.blogspot.com/>

# Personal Laboral:

## Concursos de Traslados en la Administración General del Estado.

¿Sorpresa? No, pocas cosas pueden sorprender a quien lleva ya un tiempo trabajando en la AGE (Administración General del Estado). No, no nos van a sorprender ni los administradores ni los sindicatos oficiales por un concurso de traslados que, apenas acabado, ya se muestra un fraude.

Es sólo un fraude más. Un fraude a sumar al salario diferido, neologismo por el que nos referimos al salario, en forma de pensión de jubilación voluntaria y obligatoria, que damos a la banca amiga (de ya sabes quién) y a los sindicatos más queridos (no por nosotros), para que lo inviertan por nosotros en estos tiempos de desinversión.

Un fraude más a sumar al proceso de funcionarización; a la pervivencia y aumento de complementos, diferencias y desuniones, promovidos por el ayuntamiento de administradores y sindicatos.

Y a qué viene ahora esta no sorpresa, os preguntaréis. Pues bien, tras siete (¿siete?) años de no convocarse ningún Concurso de Traslados entre el colectivo de trabajadores y trabajadoras englobadas en el famoso y largamente buscado por los sindicatos mejor pagados «Convenio Único de la AGE», se convoca uno.

¡Uno!: no, uno no, veinte, o venticinco, o treinta: un Concurso de Traslados entre todo el personal de la Administración General del Estado descompuesto en tantos apartados como ministerios y algún organismo extra, lleva implícitas un sinfín de contradicciones en las cuales no entrará por no aburrir. Resumiendo:

un concurso de traslados del personal laboral de la AGE hecho con el culo, o esa es la primera impresión que una tiene.

Pero no, vemos que no, que es sólo un fraude más. Vemos que apenas transcurridos tres meses de la resolución del dichoso concurso de traslados en el Ministerio de Economía y Hacienda, al que pertenece el Instituto Nacional de Estadística, por citar el que tengo más cerca y que es uno de los organismos con más personal laboral, se convocan en concurso-oposición, tanto para promoción interna como en turno libre, plazas que no se habían ofertado en el concurso de traslados, cosa a la que la administración está obligada según el artículo 29 del actual convenio.

Ello ocasiona el lógico cabreo entre los y las compañeras que podrían haber optado a una de las nuevas plazas. Dicho cabreo empieza entre los compañeros del mismo centro de trabajo. Pero la cosa se extiende, como es de esperar, y al final llega hasta los sindicatos oficiales y, primero entre rumores y luego de forma oficial en la mesa descentralizada del MEH del 23 de enero, se llega al acuerdo de (quiero decir: la administración dice que va a) convocar un concurso de traslados interno y de carácter estatal. Pregunta: ¿se respetará lo que indica el apartado 5 del mismo artículo 29?, es decir, que pase por la CIVEA, comisión interministerial, de toda la administración central.

Los sindicatos más votados se calman, al menos eso dicen, el personal espera la nueva convocatoria y quedamos con un pri-

mer concurso de traslados falseado, en fraude de ley, tanto por la forma en que se organizó, como por que no se cumplió uno de los puntos indicados en el artículo ya citado: que antes de convocar plazas para cubrir por concurso-oposición se ofertaran en el concurso de traslados.

¿Y qué se puede hacer?, ¿reclamar vía judicial?, ¿o tragar y tragar?. Los y las trabajadoras que hayan perdido una vez más, durante siete años más, la posibilidad de encontrar una plaza de trabajo más cerca de sus familias o de su hogar, supongo que no les habrá sentado nada bien el tener que esperar que a alguien le apetezca hacer un día algo más que simplemente otro fraude.

Pero lo peor es que todo estaba ya previsto: nuestros jefes, que son muy sabios, ya saben que para acallar voces hay que ofertar unas plazas por aquí, otras por allí, de manera que al final se otorgan las que se han de otorgar a quien ellos creen que se han de otorgar. Y esto es algo generalizado no en una delegación del INE, no en todo el INE, sino en toda la Administración General del Estado, lo cual no es nada nuevo, no es una sorpresa para la gente que llevamos un tiempo en esta administración o en cualquier otra.

Quedamos en que todo sigue igual, no van a ser estos sindicatos, los más vendidos, los que denuncien este nuevo fraude. No van a ser estos sindicatos, los más mediáticos, los que planten cara a quien les pone mesa y mantel: mesa negociadora para que sus liberados tengan «trabajo», y mantel, también llamado dietas.

javier

# Autoritarismo ou talvez militarización do ensino

Chegados a este punto non sabemos quen da máis. A acumulación de noticias e de desbarres sobre os adolescentes, os xovens e sobre a violencia nas aulas chega a niveis de pandemia, e o pior e que a xente acredita no que escoita ou le. Os rapaces e rapazas non poden saír dos institutos, están pechados a cal e canto para que que ninguén saia do carril que lles mandan. Se protestas como aluno ou aluna estás perdido e se eres profa peor pois xa estás marcado polas mentes ben pensantes que consideran que se apoias ao discente non tes madeira de profesor, ou sexa es como eles.

A cuestión principal é que o alunado en xeral, e en particular, son considerados delincuentes en potencia e hai que controlar, invalidar e anular calquer signo de rebeldía, e para que non se rebelen a cuestión principal é re-

primir por todos os meios calquer conato de insubmisión a ordes absurdas.

As direccións dos centros de ensino con un poder case total fan o que lles peta e ninguén lle pon freo. Se tes unha discusión ou opinión divergente coa dirección estás listo se es un profesor ou profesora, pois eles son a lei e a orde no centro e non podes ousar pó-lo en cuestión.

A normativa que saíu sobre «convivencia escolar» é mais ben aplicada como «represión escolar» e os órganos encargados de levá-la e controlar a súa aplicación forman parte a Guarda Civil, a Policía Nacional (ou auto-anémica) e a Inspección Educativa (un niño de víboras) e o que fan é campar por algúns centros ás suas anchas. Os controlos e cacheos ao alunado xa se están a dar, e o que é peor co beneplácito dun señor

importante de docentes que calan diante os abusos e se te enfentas podes ter a «sorpresa» dun expediente disciplinario. A disidencia no ensino paga-se con denuncias e expedientes, e non falamos só de alumnos e alunas, senón tamén de profes que piden que se cumpra a normativa do galego ou que denuncian a entrada da Guarda Civil nos centros de ensino.

Esta sociedade hipócrita que minte, manipula e deforma a realidade ao seu antollo, non tolera que ninguén se opoña, proteste, se rebelde contra o autoritarismo e a represión: obedece se non pagas e ás veces o prezo pode ser moi alto.

Desde CNT temos que seguir a loitar e manifestar a nosa oposición frontal a este tipo de ensino autoritario, e mostrar que se pode e debe facer desde un prisma anti-autoritario e liberador.



# A agridoce festa da democracia

Nathan M. Rothschild, magnate das finanzas estadounidenses, dixo unha vez alá pola primeira metade do século XIX, nun deses ataques de sinceridade que alimentan o champaña e as distendidas sobremesas entre os oligarcas da banca, «Déanme a emisión de moeda dun país e non me importa quen faga as leis».

O bo de Nathan probablemente sería aplaudido polos seus colegas, arroibados polo alcohol, os puros e a erótica do poder, porque ninguén lle podería negar que acababa de dicir unha gran verdade. Pouco despois Rothschild pasaría a peor vida – o consolo que nos queda aos pobres é que soamente nós poderemos pasar a mellor vida – e vería o seu sono parcialmente feito realidade.

Nathan M. Rothschild foise, pero moitos máis viñeron a ocupar o seu sitio, xa saben, o perfil de grandes magnates da economía, especuladores con soldos de escándalo e moral laxa, raposos da bolsa e das inversións, que poden apropiarse dos aforros de toda a vida de vostede sacándose da manga un tanto por cento ou unha comisión que aparece onde non debía cun golpe de maxia. Fai pouco, o xornal «The Guardian» sinalaba co dedo aos 25 culpables da actual catástrofe financeira, a maioría vellos traxeados, encolidos e severos, mantidos con vida soamente polo pequeno pero sólido fio da cobiza.

Parvadas. Cortiñas de fume. Saben como se chama o accionista maioritario do diario esquerdista e crítico francés «Libération»? Edouard de Rothschild. Curioso, verdade? Este tipo de acusacións fáciles verquidas polos xornais de masas e apoiadas



polo poder político son pura terxiversación, con alevosía. Sinalan a este tipo de magnates como culpables únicos porque estes teñen inmunidade moral e legal. É dicir, son os únicos de todo este planeta que nunca veríamos nun banquiño de acusados (dun vulgado ou dunhas eleccións), por iso lles importa un carallo quedar como os malos: porque poden permitirse seguir co chiringuito aberto a pleno

rendemento mentres os seus compinches políticos se atribúen o cargo de fiscais.

É coñecido, por exemplo, que en política a mellor forma de dar carpetazo a un asunto incómodo é crear una comisión de investigación para que non se investigue nada. Acusados, avogados, fiscais e xuíces son os mesmos. A vítima do caso, a masa social, será debidamente informada de que se fixo xustiza. O caso é que o circo

continúe. Todo debe cambiar para que nada cambie.

Verán vostedes, un Estado de democracia real é aquel onde os representantes do pobo deciden por si o futuro económico e financeiro da Nación que normalmente deberá repercutir no beneficio de todo o edificio social. Si o futuro o deciden os monopolios de banqueiros nacionais ou internacionais, é calquera cousa que poda

chamarse, menos democracia.

Éche un panorama triste pero é o que construímos, temos, mantemos e defendemos: esta crise debería confirmarnos dunha vez por todas que a nosa vida, inevitablemente rexida pola economía, non está no noso poder, nin tan sequera no poder dos nosos representantes; está fora do alcance da protección do Estado, concentrada e dirixida por intereses económicos privados. E eses intereses privados, rexidos pola lóxica do capitalismo, baséanse na rendibilidade e beneficio persoal, ás veces por derivación do beneficio da sociedade (situación de antes) e outras por derivación da ruína da sociedade (situación de agora). Segundo veña o vento.

Pero sempre saen gañando porque nós lles concedemos un sistema que poden manexar ás súas anchas. Nós lle delegamos o noso poder, por comodidade ou ignorancia. Queren unha explicación da crise? Pois aquí vai unha: hai crise porque alguén ten o suficiente poder para creala e saír beneficiado dela.

A solución? Pois non sei. Non estaría de máis ter as ideas básicas ben claras, aínda que sexa duro aceptalas, e deixarse de confiar en que calquera mesías de turno vains sacar as castañas do lume con novas promesas cargadas de retórica cada catro anos. Por moita vontade que teña. Algúns defenden unha resposta á grega: saír por milleiros ás rúas e plantarlles lume para que se desmorone todo o sistema. Parece demasiado radical, pero que llo neguen a eses millóns de familias españolas que están quedando na indixencia porque Rothschild tiña toda a maldita razón.

## Barricadas en Grécia

(Procede da páxina 1)

PC e outros partidos da esquerda parlamentar, e desde varios sindicatos. Intentando recrudecer o conflito até a greve xeral que xa tiñan convocada, buscan facer desta o momento álxido e final dunha estratexia de mero enfrentamento polo poder coa dereita gobernante. Mas o povo xa está na rua, e non se conforma coas promesas dos sindicatos, tendentes a desactivar a revolta e encauzá-la na vía institucional. Agora quer a desaparición deses mesmos sindicatos e partidos que xa define con claridade como inimigos e culpaveis, ou cumplices no mellor caso, da situación que rexeita.

Da-se así o primeiro paso cara a unha conciencia positiva no movemento. Conforman-se as primeiras reivindicacións concretas e irrenunciábeis, e da-se un paso fundamental en calquer revolta; o povo supera os planeamentos inciais, fai súas e enriquece as ideas dos anarquistas e asume o seu papel principal nunha

revolta na que toman parte individuo a individuo.

Radicaliza-se así o contido revolucionario da revolta, e comezan a dar pasos para alén de si propia, porén non abandonen as súas reivindicacións. O povo demanda cultura, ocupan-se as universidades ou a ópera; demanda traballo digno, ocupan-se sindicatos e cámaras de empresarios; demanda unha terra e un medio ambiente habitábeis, atacan-se construtoras e defenden-se espazos naturais; demanda paz para si propio e entende que non a terá se non se dá ao tempo no mundo inteiro, ocupan-se embaixadas de países xenocidas...

### A revolta está no mundo

A revolta que vimos en Grécia non é un casa isolado nunha calma estática na que se desenvolve o capitalismo actual. Moi polo contrario, é un facto máis que somar ás revoltas que nos últimos anos, con un contido máis ou

menos semellante, se están a extender polo mundo inteiro. Hoxe, @s campones@s brasileiro@s, venezolan@s ou boliviano@s reclaman terras para comer e fan-o luitando contra gobernos e terratenentes. En Nepal os operarios enfrentan-se a continuidade do feudalismo que padecen sob o actual goberno maoista. Os USA revoltan-se perante impunes e habituais agresións racistas. Franza viveu fai dous anos intensas revoltas en todo o país, e hoxe o movemento ecoloxista enfrenta-se as construtoras e farmacéuticas, tendo que padecer o cárcere e a lexislación anti-terrorista. Apesar do silenciamento mediático, o povo islandés levou a cabo semanas de revoltas ante a manifesta corrupción da clase política.

Trata-se dunha expansión continuada da conflictividade no mundo inteiro, conflitos que luitan polo máis básico (que nestes casos equivale a dicir TODO) e que provocan por parte dos estados unha violentísima



Os auténticos piratas non viven en terras lonxanas  
Foto: Piratas somalies, por Veronique de Viguerie

e asasina represión. Lóxico, o mundo capitalista desfai-se, cai esfarelado pola súa propia avaricia, consumido polos desmesurados intentos de crecemento que necesita, e fai-no no momento que se lle prometía mais doce, no momento de asentamento hexemónico, no momento no que semellaba que rematará con calquer opción non capitalista.

Perante esta situación, @s párias do mundo (e agora até hai párias, e muit@s, no primeiro mundo) queren algo máis que fame e paus. Revoltas como a grega fracasarán afogadas pola represión. Mas o simples facto de erguer a cabeza xa vai sendo unha vitoria. Será cuestión de que cada vez sexamos máis quen ergamos a cabeza.



## O campeonato

O goberno da Xunta organiza un campionato de traíñas inter-administracións no que a tripulación galega se enfrenta a unha selección alemá.

A traíña galega perde a regata por unha marxe de 1 hora. Analisados os resultados ve-se que a traíña alemá estaba formada por 1 director xeral e 9 remeiros-funcionarios no en tanto a tripulación galega estaba formada por 9 directores xerais e 1 remeiro-funcionario. O goberno decide facer mudanzas para a edición do ano seguinte.

No ano seguinte, a traíña galega perde a regata por unha marxe de 2 horas. Analisados os resultados ve-se que a traíña alemá seguía formada por 1 director xeral e 9 remeiros-funcionarios. Nesta ocasión os galegos formaban con 1 director xeral, 3 subdirectores, 4 xefes de servizo e un remeiro-funcionario. Visto o mal resultado o goberno decide facer mudanzas para a edición do ano seguinte.

No ano seguinte, a traíña galega perde a regata por unha marxe de 3 horas. Analisados os resultados ve-se que a traíña alemá seguía formada por 1 director xeral e 9 remeiros-funcionarios. Pola súa banda, os galegos formaban con 1 director xeral, 3 subdirectores, 4 xefes de servizo e un remeiro subcontratado. Visto o mal resul-

tado o goberno decide facer mudanzas para a edición do ano seguinte.

No ano seguinte, a traíña galega perde a regata por unha marxe de 3 horas. Analisados os resultados ve-se que a traíña alemá seguía formada por 1 director xeral e 9 remeiros-funcionarios. Pola súa banda, os galegos formaban con 1 director xeral, 3 subdirectores, 4 xefes de servizo e un remeiro subcontratado. Visto o mal resultado o goberno decide facer mudanzas para a edición do ano seguinte.

No ano seguinte, a traíña galega perde a regata por unha marxe de 4 horas. Analisados os resultados ve-se que a traíña alemá seguía formada por 1 director xeral e 9 remeiros-funcionarios. Os galegos formaban con 1 director xeral, 3 subdirectores, 4 xefes de servizo, aos que se lle concedeu un plus de produtividade e un remeiro subcontratado a quen se lle eliminaron os incentivos debido aos malos resultados do ano anterior. Novamente, o goberno decide facer mudanzas para a edición do ano seguinte.

No ano seguinte, a traíña galega non chega a saír xa que o único remeiro-subcontratado co que contaba fora despedido recentemente por non cumprir os obxectivos marcados pola Administración galega.

## CNT vence á SGAE

A CNT tivo un veredito favorable fronte á demanda interposta pola SGAE por «intromisión ilegítima na súa honra» tras o comunicado do Sindicato de Gráficas de Madrid que se solidarizaba co portal contra-informativo [alabarricadas.org](http://alabarricadas.org). Este portal fora demandado pola SGAE por inxurias contra Ramoncin e, finalmente, condenado a pagar 6.000 €.

Deste xeito a SGAE atacaba un principio fundamental como é o da liberdade de expresión, tentando acalar as voces críticas co seu monopólio de mercantilización da cultura. Así o recoñece a sentenza «...*si bien los términos empleados para este fin son ásperos y duros, reflejan el sentir de la sociedad que entiende que el sistema que utiliza la actora para financiar-se es desproporcionado y excesivo y que se está produciendo un enriquecimiento injusto...*»

Tentou vencer-nos nos despachos unha entidade cuxa «honra» é máis que discutíbel, non porque o diga CNT, senon porque así o demostra a súa actividade. Unha actividade policial, mais ben un monopólio, para impedir que a xente comparta sen ánimo de lucro os bens culturais. Unha actividade prexudicial cara á maioría dos seus asociados, cuxos «direitos de autor» xestionan de maneira sospeitosa, e cuxas cú-

pulas directivas e os empresarios da cultura amorean a maior parte do diñeiro que a SGAE recauda.

Ainda así, sen nengun rubor se autodenominan «defensores da cultura». Se o fosen, darian-se conta de que agrediron á Confederación Nacional do Traballo, unha organización que nos seus 99 anos de historia fundou miles de ateneus libertarios, escolas racionalistas, bibliotecas populares e xornais de forma desinteresada, co único fin de aumentar o nivel cultural, material e revolucionario do pobo. Que defensa da cultura vai-nos a ensinar a SGAE?

Moitas foron as mostras de solidariedade ca CNT, desde moitos [d@s](mailto:d@s) [soci@s](mailto:soci@s) da SGAE, colectivos a prol da cultura libre, e como non, a maior parte dos propios sindicatos da Confederación que se mobilizaron múltiples veces en case todos os recunchos do estado español. Xa que isto non só era un ataque á CNT senon contra toda a poboación.

Contra esta escravitude a que a doenza irracional do capitalismo nos conduce, a única resposta que existe son os golpes de liberdade, e quen encarna esa liberdade é esta Organización anarco-sindicalista que non ten renunciado ao comunismo libertario como forma de vida.

Porque a CNT nen cala, nen fica na casa.

## A muller do anarquista

TITULO ORIGINAL La mujer del anarquista (The Anarchist's Wife)

ANO 2008

DURACIÓN 112 min.

DIRECTOR Peter Sehr, Marie Noëlle

GUIÓN Marie Noëlle

MÚSICA Zacarías M. de la Riva

FOTOGRAFIA Jean-François Robin

REPARTO Juan Diego Botto, María Valverde, Ivana Baquero, Nina Hoss, Jean Marc-Barr, Laura Morante, Adrià Collado, Pere Arquillué, Irene Visedo, Irene Montalà, Biel Durán

PRODUCTORA Coproducción España-Francia-Alemania; Zip Films / P'Artisan Filmproduktion / Cine Boissière

A verdade é com este título não podia deixar de ver este filme, porém me mosquease a produção pois via muito «guiu» nos créditos. Ainda assim e por conselho do médico, pois faria-me mal deixá-la de ir ver, reunim todas as forças que eu tinha e metim-me no cinema uma tremenda tarde de inverno, para reconfortarme com os meus ancestrs anarquistas.

E os meus piores augúrios cumpriram-se, pois o filme estava bem feito de factura mas com demasiada «gente guapa» em aquele Madrid da nossa revolução social e aquelas personagens ofenderiam á minha velha que ainda vive e porém ser sempre uma mulher bem elegante e vestir muito bem, (não em vão pertenceu ao «sindicato da agulha» da CNT e como saberes as modistas sempre vestiram muito bem) comparada com a protagonista e seus abrigos de pele, não lhe chegaria á altura do betum. Bem é certo também que em períodos revolucionários cometem-se muitas loucuras e os carros incautados pela CNT ser-

viam para que as pessoas com responsabilidade utilizaram-os e a boa da minha mãe também andou como a protagonista por Madrid em carro cenetista, caminho da SIA (Solidaridad Internacional Antifascista) que estava em Serrano, rua como saberes de «gente guapa» madrilenha ou lenha de madri, que tanto faz.

Depois disto fomos entrando em matéria com um protagonista masculino, Juan Diego Botto, demasiado «figuras» para a gloriosa revolução do 36, com demasiadas prebendas e com uma companheira muito aburguesada como se a revolução não fosse com ela e as mudanças revolucionárias não alcançaram o seu lar. nesse tempo os cenetistas não se casavam dum jeito burguês, pois se uniam livremente ou em todo caso passavam por um ateneu para formalizar a sua união, e volto á minha mãe que se uniu ao meu pai no Ateneu de Magdalena; isso quer dizer que o filme não resulta verossímil, pois a posta em cena é demasiado «guapa» e pouco real e os protagonis-

tas pouco creíbeis, muito pior no caso de María Valverde que flaqueja em todo o filme, planteando-se durante toda a história umas relações muito burguesas e não é por ideologismo que o di quem isto escreve.

Mais adiante, quando o filme avança e os protagonistas continuam as suas vidas no estrangeiro, é que o filme resulta mais gratificante, pois aí a produção franco-alemã deixa ver a sua profissionalidade e conhecimento real dos acontecimentos para fazermos-nos vibrar com mais intensidade. Gostei muito das personagens secundárias, sobretudo duma das filhas que acreditava no seu papel, não como os seus pais que estavam a vê-las vir e deixá-las passar.

Em resumo, não vos queda outra que ir vê-la, para acercaros a um dos numerosos capítulos da nossa história anarco-sindicalista, porém desde um ponto de vista pequeno-burguês e também desde fora da península ibérica.

## Fin do conflito de Mercadona en Compostela

En novembro de 2008 foi despedida unha compañeira do supermercado Mercadona do bairro de Santa Marta, en Compostela. Unha semana despois foi despedido outro compañeiro. Ambos acudiron á CNT tras os depidos, xa que a primeira despedida coñeceu o sindicato através de internet pola súa acción sindical contra Mercadona en outras localidades do Estado.

Tras as numerosas protestas en Compostela e, sobretudo, tras esa intensa xornada de solidariedade manifestada através de concentracións o 31 de Xaneiro, perante os supermercados de Mercadona en toda a xeografía galega, realizadas pola totalidade dos sindicatos da Galaica, Mercadona decidiu negociar cos dous despedidos da CNT.

Mas a lei estaba de parte de Mercadona e o Estado permite aos comités de empresa e a patronal pactar períodos de proba ilimitados, sendo o de Mercadona de seis meses, o que lle permite despedir ás traballadoras sen indemnización algunha tras seis meses de traballo, e nutrir-se ao

mesmo tempo das bonificacións nas cuotas á Seguridade Social que reciben nos contratos indefinidos, sendo así que estes períodos de proba fan máis baratos, tanto a contratación como o despedimento, dos contratos indefinidos en relación aos temporais, utilizando unha nova estratexia de precariedade real mediante o uso formal da contratación indefinida.

A ameaza patronal do «contrato de crise» leva moito tempo de vixencia en Mercadona, coa convivencia dos sindicatos do Comité de Empresa (nomeadamente UGT).

Pero a CNT de Compostela, co apoio e solidariedade do resto de sindicatos da Galaica, deron a coñecer e denunciaron públicamente a actuación desta empresa.

Debido a acción sindical directa, Mercadona preferiu recoñecer as cantidades correspondentes a indemnización por despido impropriedade e os saláridos de tramitación até o ofrecemento de pacto, que ir aos tribunais, polo que damos por rematado o conflito.

## Facendo historia... 1910-1922

1910: Congreso constitutivo da Confederación Nacional do Traballo en Barcelona.

1911: Folga xeral no estado español e rebelión de Cullera (València). A CNT é disolta polas autoridades.

1912: Asasinado en Madrid o presidente do Consello de Ministros Canalejas. Sucede-o o Conde de Romanones.

1914: Morre Anselmo Lorenzo en Barcelona.

1916: UGT e CNT asinan un pacto de alianza revolucionaria. O 18 de decembro realizan unha folga xeral de 24h. pola carestía da vida.

1918: Congreso de Sans. Reorganización da CNT e creación das estruturas de sindicato único.

1919: Xigantesca folga xeral «La Canadiense» en febreiro. En outubro inicia-se en Barcelona o «lockout» patronal. Celebración do «Congreso da Comedia» en decembro en Madrid.

1920: Inicia-se o terrorismo patronal e dos Sindicatos Libres. A CNT denuncia o pacto con UGT por non secundar estes a folga xeral decretada por CNT en réplica ao terror e deportación de sindicalistas.

1922: Asasinado o presidente do Consello Eduardo Dato. Asasinados o secretario e tesoureiro do Comité Nacional de CNT.